



informa

www.cig-ensino.gal

Permisos, licenzas, reducións de xornada e excedencias

Modificacións e novos permisos no sector público

Os cambios no EBEP, que se teñen que trasladar posteriormente á Lei 2/2015 de emprego público de Galiza, xa son efectivos.

Divide en dous o actual permiso de falecemento, accidente ou enfermidade de familiar.

O de falecemento queda como xa estaba e no de accidente ou enfermidade incorporan á persoa convivente áinda que non exista relación de consanguinidade ou afinidade e deixa de depender da residencia da persoa.

- **accidente ou enfermidade de familiar:**

- 1º grao ou convivente: 5 días
- 2º grao: 4 días

- **falecemento:**

- 1º grao:
 - mesma localidade: 3 días hábiles
 - diferente localidade: 5 días hábiles
- 2º grao:
 - mesma localidade: 2 días hábiles
 - diferente localidade: 4 días hábiles

No **permiso** até agora denominado de **matrimonio** queda expresamente recollida a parella de feito.

Isto non implica ningún cambio ao respecto do que se viña facendo xa.

Crean un novo **permiso parental** para o coidado de fillo, filla ou persoa menor acollida (neste caso por un tempo superior a un ano) de **8 semanas**.

O permiso aparece recollido nun artigo relacionado cos permisos de conciliación e na Lei de familias que non viu a luz aparecía como retribuído. Na comunicación feita polo propio Goberno indicábase que non é retribuído. Para selo tería que haber unha modificación da LXSS para que se reconxeza expresamente que o permiso queda cuberto pola SS. Estas son as condicións:

- poden ser continuas ou descontinuas.
- a tempo total ou parcial
- dereito intransferíbel e do que poden gozar ambas persoas proxenitoras.
- duración mínima en caso de ser fraccionado: unha semana.

A ausencia de desenvolvemento normativo deste permiso incorporado no Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) no mes de xuño tamén está a provocar que se denegue a quen o solicitou neste comezo de curso.

A CIG-Ensino considera que se chega tarde e que urxe regulalo no ámbito da administración galega. Neste sentido, o sindicato demanda non só a súa inmediata aplicación senón que a propia Xunta recoñeza o carácter retribuído deste permiso.